



A presenza de Deus na miña vida

María Pilar Wirtz Molezún¹



No encontro de programación da revista do mes de xullo en Mondoñedo, os meus compañeiros e compañeiras de Encrucillada pedíronme un artigo testemuñal sobre a «presenza de Deus na miña vida». Un verdadeiro desafío que acollín con certo temor e tremor. Que vou poder dicir da miña experiencia de Deus nunha revista de pensamento como *Encrucillada*?

Con todo, teño que recoñecer que tamén acollín con agradecemento esta oportunidade. Ofrecíame a ocasión de falar «desde min», como din as feministas da diferenza, poñerme en contacto co máis fondo e auténtico do meu ser e desde aí entrar en comunicación cos lectores e lectoras de *Encrucillada*. Creo moito no valor transformador, persoal e social, que se dá na realidade cando acontece unha comunicación verdadeira entre as persoas.

Quero facelo sinxelamente desde o que son e vivo, intentando superar a certa incomodidade e pudor que trae consigo falar en primeira persoa. Santa Tareixa cando escribía ás súas irmás no *Libro da Vida*, dicíalles que se propoñía non falar máis que daquilo que ela mesma tiña experimentado moito. Este é tamén o meu intento: falar unicamente daquilo que eu mesma teña experimentado moito; fareino sempre alerta, dentro do que sexa capaz, para detectar onde está a fráxil liña entre o que realmente vivo e o que desexo e intento vivir.

¹ Pilar Wirtz Molezún é relixiosa da Compañía de María, e forma parte do Consello de Redacción da revista *Encrucillada* dende os seus inicios.